

“...Que o tempo psicolóxico non corresponde ó tempo matemático aprendérao don **Xosé** da mesma maneira que adquiriu na súa vida algúns outros coñecementos de diferente utilidade, en primeiro lugar, naturalmente, grazas ás súas propias vivencias, que non é el persoa, a pesar de que nunca pasara de escribinte, de andar por este mundo só vendo andar ós outros, senón tamén polo influxo formativo duns cantos libros e revistas de divulgación científica dignos de confianza, ou de fe, segundo o sentimento da ocasión, e incluso, digámolo, dunha ou outra ficción se xénero introspectivo popular, onde, con diferentes métodos e engadidos da imaxinación, igualmente se abordaba o asunto. En ningunha das ocasións anteriores, non obstante, experimentara a impresión real, obxectiva, tan física como unha súbita contracción muscular, da efectiva imposibilidade de medir ese tempo que poderíamos chamar da alma...”